

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 14 de decembro de 2021 pola que se amplían e se redistribúen os créditos orzamentarios por epígrafes recollidos na Resolución do 11 de maio de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de enerxías renovables térmicas, para o ano 2021, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia (código de procedemento IN421G).

Mediante a Resolución do 11 de maio de 2021 (DOG número 96, do 25 de maio), establecéronse as bases reguladoras e anunciouse a convocatoria de subvencións para proxectos de enerxías renovables térmicas.

Tal e como consta na parte expositiva da citada resolución, o financiamento desta convocatoria faise con cargo aos orzamentos do Inega para o ano 2021.

O artigo 3.2 da convocatoria prevé a posibilidade de ampliar o crédito como consecuencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria derivada dalgunha das circunstancias previstas no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Ademais, o artigo 3.1 da convocatoria prevé unha dotación inicial de 2.650.000 €, así como a posibilidade de redistribuír o orzamento se nalgunha das epígrafes non se rexistraron solicitudes suficientes para esgotar os fondos dispoñibles e noutra das epígrafes existe listaxe de espera.

No transcurso do procedemento administrativo de concesión das axudas, nalgunha das epígrafes o número de solicitantes é inferior ao agardado, mentres que noutras o volume de axuda solicitada superou a dispoñibilidade orzamentaria, polo que cómpre facer unha redistribución de fondos entre as distintos epígrafes e ampliar o crédito orzamentario para así poder atender un maior número de solicitudes.

O artigo 31 do Decreto 11/2009 establece que cando a contía total máxima das subvencións convocadas se distribúa entre distintos créditos orzamentarios, a alteración da dita distribución non precisará de nova convocatoria pero si das modificacións que procedan no expediente de gasto e da publicación nos mesmos medios que a convocatoria.



Por todo o anterior, e dado que nas aplicacións orzamentarias correspondentes existe crédito dispoñible e coa finalidade de incrementar a eficacia administrativa e a eficiencia na asignación de recurso públicos, maximizando o impulso de proxectos de enerxías renovables,

RESOLVO:

Primeiro. Ampliar a dotación de fondos inicialmente prevista nesta convocatoria na contía de 212.000,00 €, polo que o importe total asignado para estas axudas tras esta ampliación ascende a 2.862.000,00 €.

Segundo. Redistribuír por anualidades os fondos destinados ás subvencións para proxectos de enerxías renovables térmica para o ano 2021 en función do volume de solicitudes recibido, modificando a táboa do artigo 3.1 da Resolución do 11 de maio de 2021 do seguinte xeito:

Dotación orzamentaria inicial:

Modificación orzamentaria:

Dotación orzamentaria final:

Terceiro. A presente modificación, unha vez publicada no *Diario Oficial de Galicia*, non implicará a modificación do prazo establecido para presentar solicitudes.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2021

Paula María Uría Traba
Directora do Instituto Enerxético de Galicia

